

Orde do día

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria n.º 214 do 18.10.2024 e da acta da reunión extraordinaria e urxente n.º 215 do 17.12.2024.
2. Informe de dirección.
3. Aprobación, se procede, da proposta de límite de prazas para as titulacións oficiais impartidas na ETSAC para o curso 2025/2026.
4. Aprobación, se procede, de solicitudes de axuda para a celebración de actividades culturais organizadas pola ETSAC.
5. Aprobación, se procede, da postura da ETSAC para a declaración de BIC da cheminea da central térmica de As Pontes.
6. Asuntos varios de trámite.
7. Quenda aberta de intervencións.

Acordos

- Aprobación por asentimento da acta da reunión ordinaria n.º 214 do 18.10.2024 e da acta da reunión extraordinaria e urxente n.º 215 do 17.12.2024.
- Aprobación por asentimento da proposta de manter o mesmo número de prazas ofertadas no último curso académico 2024-25 para o curso 2025-26: GEA (132 prazas); MUA (90 prazas); MUDC (6 prazas) e MURA (20 prazas).
- Aprobación por asentimento da presentación dunha solicitude de axuda, dentro da convocatoria de “Axudas á investigación 2025” da Universidade da Coruña, para a celebración do XIII Congreso Docomomo Ibérico na ETSAC, do 22 ao 25 de outubro do 2025.